



Adaptación das normas da USC á normativa estatal sobre cualificacións

A entrada en vigor do Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE do 18 de setembro de 2003), alterou o sistema de cualificacións ata entón aplicable na USC.

O citado Real Decreto dispón no seu artigo. 5 o seguinte:

Artigo 5. *Sistema de calificacións*

1. La obtención de los créditos correspondientes a una materia comportará haber superado los exámenes o pruebas de evaluación correspondientes.
2. El nivel de aprendizaje conseguido por los estudiantes se expresará con calificaciones numéricas que se reflejarán en su expediente académico junto con el porcentaje de distribución de estas calificaciones sobre el total de alumnos que hayan cursado los estudios de la titulación en cada curso académico.
3. La media del expediente académico de cada alumno será el resultado de la aplicación de la siguiente fórmula: suma de los créditos obtenidos por el alumno multiplicados cada uno de ellos por el valor de las calificaciones que correspondan, y dividida por el número de créditos totales obtenidos por el alumno.
4. Los resultados obtenidos por el alumno en cada una de las materias del plan de estudios se calificarán en función de la siguiente escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, a la que podrá añadirse su correspondiente calificación cualitativa:
 - 0-4,9: Suspenso (SS).
 - 5,0-6,9: Aprobado (AP).
 - 7,0-8,9: Notable (NT).
 - 9,0-10: Sobresaliente (SB).
5. Los créditos obtenidos por reconocimiento de créditos correspondientes a actividades formativas no integradas en el plan de estudios no serán calificados numéricamente ni computarán a efectos de cómputo de la media del expediente académico.
6. La mención de «Matrícula de Honor» podrá ser otorgada a alumnos que hayan obtenido una calificación igual o superior a 9.0. Su número no podrá exceder del cinco por ciento de los alumnos matriculados en una materia en el correspondiente curso académico, salvo que el número de alumnos matriculados sea inferior a 20, en cuyo caso se podrá conceder una sola «Matrícula de Honor».

En contraste, o parágrafo 1 do artigo 17 das *Normas de Xestión Académica* da USC (DOG do 14 de xaneiro de 1999, con modificacións posteriores) regula o sistema de cualificacións do seguinte xeito:

17.1 *Cualificación*

A avaliación dos alumnos será reflectida nas actas mediante o outorgamento dalgunha das seguintes cualificacións: suspenso, aprobado, notable e sobresaliente.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén se poderán outorgar as mencións de "apto/a" ou "non apto/a", nos supostos que se establecen no presente acordo.

Poderase conceder unha matrícula de honra entre aqueles alumnos que acaden a cualificación de sobresaliente, por cada vinte alumnos matriculados en cada materia ou fracción de vinte.

Por outra parte, a previsión do citado Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, sobre o sistema de cualificación do nivel de aprendizaxe acadado polos estudantes debe poñerse en relación co disposto polo Real Decreto 1044/2003, de 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ao Título (BOE de 11 de setembro de 2003), que recolle nos seus Anexos o formato do Suplemento Europeo ao Título, e nel explica o sistema de cualificación e de valoración de expedientes vixente no sistema universitario español.

Neste sentido, o Real Decreto 1044/2003, de 1 de agosto, recolle no seu Anexo II o formato do Suplemento Europeo ao Título de Doutor, e nel explica o sistema de cualificación aplicable para os estudos de doutoramento do seguinte xeito:

4.4 Sistema de cualificación. En el sistema universitario español, las calificaciones están basadas en la puntuación absoluta sobre 10 puntos obtenida por el estudiante en cada asignatura o trabajo de investigación, de acuerdo a la siguiente escala:

Suspense: 0-4,9.

Aprobado: 5-6,9.

Notable: 7-8,9.

Sobresaliente: 9-10.

Una asignatura se considera superada a partir de aprobado (5).

La cualificación de la tesis doctoral es otorgada por votación de los cinco miembros del tribunal encargado de juzgarla, de acuerdo a la siguiente escala:

Apto (5-6,9).

Notable (7-8,9).

Sobresaliente (9-10).

Sobresaliente «cum laude» (cuando la cualificación de sobresaliente ha sido concedida por la totalidad de los miembros del tribunal).

O sistema de cualificación descrito contrasta co previsto polo *Regulamento dos Estudos de Terceiro Ciclo* da USC, aprobado pola Xunta de Goberno o 7 de abril de 2000 (DOG de 6 de marzo de 2001), que regula en varios artigos as cualificacións aplicables aos estudos de doutoramento:

- O artigo 24.1 dispón, en relación á obtención dos créditos:



A obtención dos créditos asignados ós cursos, seminarios e traballos de investigación tutelados requirirá a cualificación de "aprobado", "notable" ou "sobresaliente", que o profesor responsable do curso ou seminario consignará na correspondente acta.

- O artigo 45 dispón, en relación coa cualificación das teses de doutoramento:

Rematada a defensa da tese, o tribunal outorgará a cualificación de "non apto", "aprobado", "notable" ou "sobresaliente", tras unha deliberación e votación en sesión secreta. A xuízo do tribunal, e se a tese obtivo un mínimo de catro votos favorables, poderá outorgárselle pola súa excelencia, a cualificación de "sobresaliente cum laude".

Tendo en conta a discrepancia entre o disposto polos citados RD 1125/2003, de 5 de setembro, e RD 1044/2003, de 1 de agosto, coa normativa sobre cualificacións aprobada pola USC, cómpre proceder á adaptación desta, polo que o Consello de Goberno, na súa reunión de 22 de decembro de 2003,

ACORDOU

I. Modificar o artigo 17.1 das *Normas de Xestión Académica* da USC, de xeito que teña a seguinte redacción:

17.1 *Cualificación*

A avaliación dos alumnos será reflectida nas actas mediante unha cualificación numérica en función da seguinte escala de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

- 0-4,9: Suspenso (SS)
- 5,0-6,9: Aprobado (AP)
- 7,0-8,9: Notable (NT)
- 9,0-10: Sobresaliente (SB)

Tamén poderá outorgarse a cualificación de "apto/a" ou "non apto/a" nos supostos de créditos recoñecidos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos, e nos demais supostos previstos polas normas.

Poderase conceder a mención de "Matrícula de Honra" a alumnos que obtiveran a cualificación igual ou superior a 9.0, sen que o seu número poda exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados na materia no correspondente curso académico. Non obstante, se o número de alumnos matriculados fose inferior a 20 poderá concederse unha matrícula de honra.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2. Modificar os artigos 24.1 e 45 do Regulamento dos Estudos de Terceiro Ciclo da USC, de xeito que teñan a seguinte redacción:

Art. 24.1

Rematada a defensa da tese, o tribunal outorgaralle unha cualificación, tras unha deliberación e votación en sesión secreta, en función da seguinte escala de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

- 0-4,9: Suspenso (SS)
- 5,0-6,9: Aprobado (AP)
- 7,0-8,9: Notable (NT)
- 9,0-10: Sobresaliente (SB)

A cualificación será Sobresaliente «cum laude» cando a cualificación de sobresaliente fose concedida pola totalidade dos membros do tribunal

Art. 45

Rematada a defensa da tese de doutoramento, o tribunal outorgaralle unha cualificación tras unha deliberación e votación secreta, de acordo coa seguinte escala:

- Apto (5.0-6.9)
- Notable (7.0-8.9)
- Sobresaliente (9.0-10)
- Sobresaliente “cum laude” (cando a cualificación de sobresaliente foi concedida pola totalidade dos membros do tribunal)


3. Disponer que por resolución reitoral se realicen as correccións non previstas no presente acordo que fosen precisas para adaptar na USC a normativa aplicable sobre cualificacións e valoración de expedientes, procurando especialmente a súa harmonización co conxunto das universidades públicas galegas.

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 22 de decembro de 2003, acordou aproba-lo presente documento relativo a “Adaptación das normas da USC á normativa estatal sobre cualificacións”. Có Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2003

Vº e Pr.
O Reitor

Senén Barro Ameneiro



O Secretario Xeral

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz